

Resolución reitoral pola que se convocan “Bolsas Santander axuda económica 2026 - Premios á excelencia académica” para o estudantado que iniciou estudos de doutoramento na Universidade de Vigo no curso 2025/2026

A Universidade de Vigo a través da súa Escola Internacional de Doutoramento (EIDO) quere atender de xeito especial ao alumnado que inicia estudos de doutoramento nesta Universidade e destaca por unha traxectoria curricular de excelencia nos estudos previos aos de doutoramento.

A Universidade de Vigo e o Banco Santander S.A. (no sucesivo “Santander”) teñen asinado un convenio co obxecto de facilitar no curso académico 2025/2026 o acceso á educación superior ao estudantado de programas de doutoramento.

Unha vez vista a *Lei 9/2007 de subvencións de Galicia*, as disposicións aplicables da *Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións* e as súas normativas de desenvolvemento.

En virtude das facultades que lle outorgan a *Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do sistema universitario* e o artigo 72 do *Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro*, polo que se aprobaron os Estatutos desta universidade,

ESTA REITORÍA RESOLVE:

1. Convocar, en réxime de concorrencia competitiva, “Bolsas Santander / Axuda Económica 2026 – Premios á excelencia académica para estudantado que iniciou estudos de doutoramento” no curso 2025/2026, que se xestionarán de acordo coas bases reguladoras que figuran no anexo I.
2. Publicar esta convocatoria e as bases que a regulan no taboleiro da sede electrónica <https://sede.uvigo.gal/> e no [Portal de bolsas](#) da web da Universidade de Vigo.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte da súa publicación, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa*.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte de se publicar a presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non caberá interpoñer o recurso contencioso-administrativo namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

Vigo, na data de sinatura electrónica

A reitora

Por delegación RR 02/07/2026 (DOG 08/07/2026)

A vicerreitora de Estudantes e Vida Universitaria

María Dolores González Álvarez



ANEXO I

BASES QUE REGULAN OS PREMIOS Á EXCELENCIA ACADÉMICA PARA INICIO DE ESTUDOS DE DOUTORAMENTO NO CURSO ACADÉMICO 2025/2026**1. OBXECTO**

A presente convocatoria está prevista no Plan Estratéxico de Subvencións da Universidade de Vigo para o ano 2026 como acción destinada ao cumprimento do obxectivo 26 "Captar estudantado con talento e garantir o acceso universal á educación pública universitaria" atendendo de maneira especial ao novo estudantado da Universidade de Vigo que está a realizar no curso académico 2025/2026 estudos oficiais de doutoramento e que destaca particularmente por unha traxectoria académica de excelencia nos estudos previos aos de doutoramento.

2. REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES

Pode participar nesta convocatoria o estudantado que cumpra os seguintes requisitos:

a) Atoparse nalgún dos seguintes casos:

- Posuír nacionalidade española.
- Posuír a nacionalidade dun estado membro da Unión Europea e acreditar a condición de residente legal.
- Posuír nacionalidade fóra da UE e acreditar a residencia legal en España, de acordo co disposto na normativa sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España (non é suficiente o permiso de estadía por estudos).

b) Estar matriculado **por primeira vez** en estudos de doutoramento no curso académico 2025/2026.

c) Obter unha nota media do expediente académico de grao/ licenciatura/enxeñaría/enxeñaría técnica ou equivalente (polo que accedeu ao doutoramento) ou ben a nota media da declaración de equivalencia **igual ou superior a 7** calculada segundo o RD 1125/2003

Non poderán ter a condición de beneficiario/a as persoas nas que concorra algunha das circunstancias establecidas no artigo 13.2 da *Lei 38/2003 xeral de subvencións, de 17 de novembro*.

3. COMPATIBILIDADE

Os premios que se establecen nesta convocatoria son compatibles con calquera outro premio ou axuda.

4. DOTACIÓN, CONTÍA E PAGAMENTO

1. O importe máximo dos fondos destinados a este premio ascenderá a 18.000,00 € e irán con cargo as aplicacións orzamentarias:

- 2026 00PG 131H 482.12 cun importe de 10.500,00 €
- 2026 0000 121D 482.12 cun importe de 7.500,00 €

para o que se achega o correspondente certificado de existencia de crédito.



No caso de existir crédito dispoñible nas condicións establecidas no artigo 58.2 do Real 887/2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003 xeral de subvencións, poderase ampliar o crédito da presente convocatoria. O incremento do crédito queda condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito e, no seu caso, á previa aprobación da modificación orzamentaria que proceda. A ampliación de crédito deberá ser publicada no Portal de bolsas da web da UVigo e nos rexistros xerais da universidade con carácter previo á resolución de concesión, sen que tal publicación implique a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio dun novo cómputo de prazo para resolver.

2. A contía individual de cada premio será de **1.000,00€**. Esta contía estará suxeita á retención establecida na normativa tributaria aplicable

3. O pagamento do premio efectuarase mediante transferencia á conta bancaria en España indicada polo/a estudante na súa solicitude e da que deberá ser titular.

5. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

1. As persoas solicitantes deberán cubrir o **formulario en liña** no seguinte enlace https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/formularios/encuesta/cubrir_paso1/15499 **descargalo e presentalo na Sede Electrónica** da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>) a través da Instancia Xenérica (SXER) existente na sede, e pór como **asunto** “*Bolsas Santander axuda económica 2026 excelencia inicio doutoramento*”, achegando unicamente o formulario coa solicitude e inscribirse na web do Santander

<https://app.santanderopenacademy.com/es/program/ayuda-economica-2026>

O modelo específico de presentación de solicitudes é de uso obrigatorio para as persoas interesadas neste procedemento (art. 66.6 da *Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*).

2. O prazo de presentación de solicitudes comezará o día seguinte a publicarse esta convocatoria e finaliza o **15 de outubro de 2026** ás 23:59 horas (hora peninsular española).

3. No formulario en liña achegarase a seguinte documentación (non hai que subir a documentación á sede electrónica):

1. No caso de estudos cursados nunha universidade distinta á Universidade de Vigo:

a. Expediente académico (título e certificado de nota media) do grao/ licenciatura/enxeñaría/enxeñaría técnica ou equivalente polo que accedeu ao doutoramento.

O estudantado con titulación doutro país, deberá presentar, xunto coa certificación académica, unha declaración de equivalencia da nota media de expedientes académicos universitarios realizados en centros estranxeiros, obtida a través do procedemento online establecido polo Ministerio de Universidades no seguinte enderezo web:

[Equivalencia de notas medias de estudios universitarios realizados en centros extranjeros - Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades - Secretaría General de Universidades](#)

b. Acreditación de titulación de máster universitario.



2. No caso de non ter nacionalidade española deberán presentar a seguinte documentación segundo corresponda:

- documento do Rexistro de cidadán/á da Unión Europea.
- tarxeta de identificación de estranxeiro/a na que conste o permiso de residencia (non é suficiente co permiso de estadía por estudos) de cidadán/a extracomunitario.

Tamén se lles poderá requirir que acheguen outra documentación que resulte necesaria para avaliar correctamente os requisitos e méritos alegados. O feito de non achegar a documentación requirida será causa de exclusión, previa resolución.

6. SELECCIÓN E RESOLUCIÓN

1. A Sección de Axudas e Bolsas, logo de rematar o prazo de presentación de solicitudes e unha vez examinadas estas e a documentación presentada, publicará a **listaxe provisoria de solicitudes admitidas e excluídas**, coa mención da causa de exclusión.

As persoas interesadas disporán dun prazo de **dez días hábiles** contados desde o día seguinte á publicación para emendar os erros, as causas de exclusión e a falta de documentación. Para tal fin, presentarán o formulario de *alegacións* existente na Secretaría Virtual. De non presentar emenda entenderase que desiste da súa solicitude previa resolución ditada conforme á *Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

2. Unha vez revisadas as alegacións, a selección será efectuada pola comisión de avaliación que ordenará as solicitudes de maior a menor puntuación, como resultado da suma de:

- a) Nota media do expediente académico de grao/ licenciatura/enxeñaría/enxeñaría técnica ou equivalente (polo que accedeu ao doutoramento) ou ben a nota media da declaración de equivalencia.
- b) 0,25 puntos adicionais se a persoa solicitante acredita estar en posesión dalgún título de mestrado universitario. No caso de ter rematado varios estudos de mestrado universitario só se computará un.

En caso de empate, terá preferencia a persoa que teña mais matrículas de honra, si persiste o empate, a persoa que teña mais sobresalientes.

3. A comisión de avaliación está composta por:

- Presidente: Antonio Collazo Fernández, director da Escola Internacional de Doutoramento.
- Vogais: Alejandro Martínez Gómez, xefe do Servizo de Axudas ao Estudo, Bolsas e Prezos Públicos
Noelia Rivera Vázquez, xefa da Sección de Doutoramento.
María Magdalena Domínguez Álvarez, xefa de Área de Bolsas
- Secretario/a: Designarase entre os membros da comisión na reunión de constitución.

Se por calquera causa, no momento en que a comisión avaliadora teña que examinar as solicitudes, algún/algúnha dos/das compoñentes non pode asistir, substituirase pola persoa que para o efecto se nomee. Este nomeamento deberá recaer noutra persoa da mesma unidade, órgano, entidade ou colectivo.



4. Unha vez que a comisión efectúe a selección, a Sección de Axudas e Bolsas publicará **a listaxe provisoria de persoas con premio concedido, denegado coa mención da causa de denegación e a listaxe de agarda** para o caso de existiren renuncias.

As persoas interesadas poderán presentar as alegacións no prazo de **dez días hábiles**, contados a partir do seguinte á publicación. Para tal fin presentarán o *formulario de alegacións* existente na Secretaría Virtual.

5. Unha vez que a comisión revise as alegacións, enviaralle a proposta á vicerreitora de Estudantes e Vida Universitaria, quen adxudicará os premios mediante a correspondente resolución.

As persoas interesadas poderán entender desestimadas as solicitudes de non se ditar unha resolución expresa no prazo de 3 meses contados desde o día seguinte ao do remate do prazo de presentación de solicitudes.

A resolución conterá a listaxe definitiva de persoas con premio concedido e a súa contía, con premio denegado e a causa de denegación, e a listaxe de agarda para o caso de existiren renuncias.

6. As listaxes ás que se refire este punto así como a Resolución de adxudicación publicaranse no taboleiro da Sede Electrónica <https://sede.uvigo.gal/> e no [portal de bolsas](#) da web da universidade, cos efectos da notificación previstos no artigo 45 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

As comunicacións individuais que resulten necesarias realizaranse ao enderezo electrónico sinalado na solicitude, sen que estas teñan a consideración de notificación.

7. RENUNCIA

A renuncia voluntaria deberá realizarse mediante o *formulario de renuncia* existente na Secretaría Virtual e presentalo na Sede Electrónica da Universidade de Vigo https://sede.uvigo.gal dirixido á Sección de Axudas e Bolsas, xunto co xustificante de reintegro da contía correspondente no caso de terse efectuado o pagamento. As renuncias aceptadas darán lugar á perda dos dereitos económicos e á concesión do premio á seguinte persoa da listaxe de agarda previa resolución.

8. OBRIGAS

As persoas beneficiarias dos premios deberán estar matriculadas no programa de Doutoramento da Universidade de Vigo durante o curso 2025/2026.

Ademais o/a beneficiario/a debe cumprir as obrigas recollidas no artigo 14.1 da *Lei 38/2013, de 17 de novembro, xeral de subvencións*, que lle sexan de aplicación.

9. REINTEGRO DAS AXUDAS E PERDA DO DEREITO DE COBRO TOTAL OU PARCIAL

Son causas de reintegro e perda do dereito de cobro destes premios:

1. Non cumprir os requisitos e obrigas recollidas na convocatoria.
2. A ocultación de datos, alteralos ou manipular a información solicitada.

A persoa beneficiaria que incorra nalgunha destas causas está obrigada a reintegrarlle á Universidade a cantidade indebidamente percibida.



10. TRANSPARENCIA

1. De conformidade co artigo 17 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, e co artigo 15 da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*, a Universidade de Vigo publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas, así como as sancións que puideren impoñerse, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Universidade de Vigo, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei. Porén, non será necesaria a publicación cando o órgano que concede xulgue que se dan as previsións do artigo 15.2.d) da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*.

11. PROTECCIÓN DE DATOS

Información sobre a política de protección de datos en:

[https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2019-11/Texto %20proteccion datos para CONVOCATORIAS bolsas.pdf](https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2019-11/Texto_%20proteccion%20datos%20para%20CONVOCATORIAS%20bolsas.pdf)

